



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez, Dolores  
Graña Rodríguez, Ana María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.

### DECANOS/DIRECTORES

Alonso Bacigalupe, Luis  
Caparrini Marín, Natalia  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
Fernández Prieto, Marta  
Formella, Arno  
Gómez Fraiz, Santiago  
Romo Pérez, Vicente  
Rubio Armesto, Belén

### PDI-A

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos  
Collazo Fernández, Antonio  
García Fontán Soledad  
Meana Martínez Juan Carlos  
Pardo Froján, Juan E.  
Pérez Cota Manuel  
Pino García, Antonio  
Reigosa Roger Manuel Joaquín  
Vallejo Pousada Rafael

### PDI-B

González Jorge, Higinio  
González Santamaría, Pedro

### ESTUDANTES

Moldes Pita, Óscar  
Rivera González, Paula

### PAS

Cebro Rodríguez, Xan  
Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio

### SINDICATOS

Fernández Fernández, Federico A.

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Blanco Gómez, César  
Castro Cerceda, M<sup>a</sup> Luisa  
García Señorán, Mar  
Garrote Velasco, Gil  
Hidalgo Robatto, Bettiana Marcela  
Jorge Luis Bueno Alonso,  
Llamas Nistal, Martín  
Pedrosa Silva, Ernesto  
Pillado González, Esther  
Reboreda Morillo, Susana  
Rivo López, Elena  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Vázquez-Rey Farto, Ernesto

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 19 de decembro de 2017, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

Ás 10:35 h do día **19 de decembro de 2017** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de novembro de 2017.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2018.
4. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para 2018.
5. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.
6. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por Ana Belén Méndez Fernández contra os acordos do 25/04/17 do Dpto. de Análise e Intervención Psicosocioeducativo sobre os criterios de asignación e elección de materias e orde de prelación do profesorado para a elaboración do POD.
7. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios:  
*Convenio específico de colaboración entre las universidades Autónoma de Barcelona; de Barcelona; de Castilla-La Mancha; de Córdoba; de Extremadura; de Granada; de les Illes Balears; Internacional de Andalucía; de La Laguna; de Málaga; Miguel Hernández de Elche; de Murcia; Católica San Antonio de Murcia; Nacional de Educación a Distancia; Politécnica de Cartagena; Politécnica de València; de Salamanca; de Santiago de Compostela; de Sevilla; de València; de Valladolid; de Vigo; de Vic - Universitat Central de Catalunya; de Zaragoza; Europea; e Internacional Menéndez y Pelayo, para la coproducción del proyecto "UNIVERSO SOSTENIBLE"; Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a colaboración no desenvolvemento das actividades da rede de investigación TECANDALI –*

— Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Congreso (Argentina) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Congreso (Argentina) para o intercambio de estudantes – Co-operation framework agreement between The Universidade de Vigo and Esprit – Sepecific framework agreement between The Universidade de Vigo and Esprit for student exchange.

8. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes: 1 PDI.
9. Elección de representantes na Comisión de Organización Académica e Profesorado: 1 PDI.
10. Elección de representantes na Comisión de Economía e Planificación: 1 PDI.
11. Rogos e preguntas.

Ao comezo da sesión o reitor dá a benvida aos novos membros do Consello de Goberno: Arno Formella, Luis Alonso Bacigalupe e Gil Garrote Velasco (ausente). A continuación dá lectura dos nomes dos membros do Consello de Goberno que xustificaron a súa ausencia a esta sesión.

### **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de novembro de 2017.**

O reitor explica que a acta que debe ser aprobada foi subida á plataforma con retraso con respecto aos prazos normativos, polo que somete á consideración do Consello de Goberno o mantemento ou adiamento deste punto. Acórdase o seu mantemento e apróbase a acta, ao non haber alegacións.

### **2. Informe do reitor.**

O reitor comeza dando conta da primeira misión internacional do Sistema Universitario Galego, na que participaron o Conselleiro Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e os tres reitores. Realizaron unha visita a México para participar na Conferencia anual de la Asociación Nacional de Universidades e Institucións de Educación Superior (Anuies), na que se asinou un acordo bilateral entre o SUG e a asamblea de reitores de México. Nesa visita conseguíuse que Galicia sexa a sede do segundo Cume Académico e do Coñecemento Celac-UE (Comunidade de Estados Latinoamericanos e Caribeños e a Unión Europea) que se celebrará no 2019 en Santiago de Compostela.

A continuación informa da reunión da CRUSOE celebrada a semana anterior en Salamanca, na que se produciu a incorporación de Cantabria, e na que se aprobou o primeiro Plan de investimento macrorrexional, que se elevará aos gobernos para que desenvolva de xeito similar ao do levado a cabo entre Galicia e o Norte de Portugal, pero neste caso, entre as seis rexións transfronteirizas que constitúen a RESOE, da cal, a CRUSOE, Rede de Universidades do Sudoeste Europeo, é o grupo de referencia en investigación.

Informa, así mesmo, o reitor da celebración do Consello de Administración Universia, na que se deu conta do traballo que está desenvolvendo a CRUE para prestixiar a transferencia de coñecemento nas universidades españolas; o proxecto está financiado polo banco de Santander e coordina a Universidade de Vigo. Como resultado do traballo desenvolvido ao longo deste ano e medio, asinarase un convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía, Industria y Competitividad o Ministerio de Educación, ANECA e CRUE, para poñer en marcha unha proba piloto dun novo sexenio de transferencia ao longo de 2018, co obxectivo de lanzar este novo sexenio no 2019. Engade que tamén se está a desenvolver un contrato programa de valoración institucional da transferencia de coñecemento. Esta iniciativa mobilizou tamén a gobernos autonómicos. Así, na reunión de onte do Consello Galego de Universidades, dentro do plan de excelencia que presentou a Consellería para 2019, incluíse un novo complemento retributivo do profesorado universitario que valora a transferencia de coñecemento, que se apoiará nestes estudos que se realizan a nivel de Estado en torno ao sexenio de transferencia, cos matices que queira introducir a Comunidade Autónoma. Tamén está interesado o goberno Vasco, polo que o reitor foi invitado a explicar este traballo que se está a levar a cabo a nivel estatal. Así pois, indica o reitor, esta iniciativa de prestixiar a transferencia do coñecemento pode converterse nun novo incentivo para o recoñecemento do traballo do PDI das universidades españolas de xeito extensivo.

Dá conta a continuación de que no Consello Galego de Universidades aprobáronse os títulos dos que xa se informara no Consello de Goberno, e tamén emitiuse informe favorable á creación do Consorcio

Interuniversitario de Galicia (CISUG), previsto na lei do Sistema universitario galego, pero cuxa posta en marcha foi longa e problemática. Unha vez aprobado polos consellos de goberno e consellos sociais das tres universidades e o informe do Consello Galego, agárdase que se aprobe no Consello da Xunta de Galicia o día 28 de decembro, para que se poida constituír a partir de xaneiro. Lembra o reitor que no CISUG incluíranse os actuais CIXUG, Bugalicia e a CIUG e tamén constituírse en xanela única para os títulos interuniversitarios e outros temas que se desenvolven entre as tres universidades.

Comenta tamén que tamén se informou dos acordos tomados en relación ao adiamento das probas de acceso á universidade (ABAU) dende o mes de setembro ao mes de xullo, e estase traballando no ensino medio para que se poida levar a cabo no curso 2019-2020. Deste xeito, todos os alumnos que superen as probas de acceso, tanto na primeira como na segunda, poderán comezar o curso universitario dende o principio. Destaca que é algo que se viña solicitando dende as universidades dende hai moito tempo, pero que non se conseguiu co anterior conselleiro e co actual, abordouse e vaise lograr, a pesar dos prazos temporais.

Noutra orde de cousas, o reitor informa da celebración dos consellos de Campus de Ourense e Pontevedra o 15 de decembro. E felicita de xeito especial polo éxito do programas de doutoramento que se formularon en ambos Campus: Creatividade e innovación social en Pontevedra, no que se cubriron todas as prazas ofertadas, e o programa de doutoramento Campus da Auga en Ourense. En relación con este campus, salienta que o edificio do Campus da Auga construído foi recepcionado o día 12 de decembro. Procederáse á dotación do edificio do equipamento e instalacións precisas, co obxectivo de que no curso 2018/2019 estea totalmente operativo.

Finalmente, o reitor felicita a Susana Reboreda, tras renovar o seu mandato á fronte do decanato da Facultade de Historia nas pasadas eleccións. Lembra tamén que hoxe se celebra o concerto de Nadal, que unifica música e o pergamiño Vindel e o venres terá lugar a presentación do Catálogo da exposición do Pergamiño Vindel.

### **3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2018.**

Cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen explica que o Decreto lei 14/2012, de 14 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, e como se vén facendo nos últimos anos, establece a existencia de que as universidades aproben un límite máximo de gasto para o exercicio económico seguinte. Dado que non hai ningunha normativa que estableza o procedemento para a estimación do teito de gasto, nesta Universidade vense realizando unha estimación razoable en relación ao volume de orzamento que se aprobará no punto seguinte. Dado que se presenta un orzamento de 172.500.000 € en base dos cálculos que se achegan na documentación, estímase un límite máximo de gasto de 189.282.088,00 € que se considera unha proposta razoable para o ano 2018, e que se somete á aprobación do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento (**Anexo I**).

### **4. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para 2018.**

Cede o reitor novamente a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación quen, co apoio dunha presentación informática, realiza un resumo do documento completo que se achegou coa convocatoria (**Anexo II**). A presentación comeza cunha referencia ao escenario orzamentario, no que se recollen as condicionantes económicas e legais nas que deben desenvolverse os orzamentos da Universidade. Subliña o vicerreitor que non hai cambios normativos con respecto ao exercicio anterior, e posto que neste ano están prorrogados os orzamentos de 2017 no Estado, a única novidade é a aprobación dos orzamentos da CCAA que terá lugar hoxe, pero que non incorporan practicamente ningunha novidade en relación co que nos afecta.

Comeza presentando un gráfico da evolución do financiamento do SUG ao longo do período 2005-2018, na que destaca o crecemento progresivo do financiamento ata o ano 2009, que coincide coa entrada do

actual reitor, no que se produciu unha drástica caída no financiamento xeral do sistema universitario ata o ano 2015. E subliña que, a pesar da leve recuperación do mesmo nos tres últimos exercicios, relacionada coa recuperación salarial do persoal, o financiamento do ano 2018 aínda non acada o valor do correspondente ao 2009.

Dentro dese marco xeral, pasa a analizar a continuación a evolución económico-financeira da UVigo, comezando polas achegas conseguidas pola universidade nos sucesivos plans de financiamento, destacando que, ao igual que no financiamento xeral do SUG, tamén están por debaixo das achegas do 2009.

Resalta o vicerreitor que nos anos máis duros da crise, entre 2011 e 2015, a pesar dos recortes salariais, no primeiro plan de financiamento a Universidade de Vigo conseguiu ir mellorando a captación de recursos, fundamentalmente porque existía unha compoñente de financiamento por resultados que favorecía a esta Universidade. Co actual plan de financiamento 2016-2020, o incremento significativo experimentado polas achegas en 2016 está vencellado á recuperación salarial e non da captación de recursos para a xestión da universidade. As expectativas son dunha evolución practicamente plana ata 2020, xa que é un plan moi regresivo en canto ao financiamento en base a resultados. Esta situación, que xa foi denunciada en todos os foros, formula un reparto que volve á situación anterior ao 2010, no que se reparte de xeito que tende a igualar, pero favorecendo o criterio de tamaño e no que, subliña o reitor, vai ser difícil atopar liñas de crecemento.

Aínda así, continúa o vicerreitor, neste marco de financiamento, a Universidade de Vigo foi quen de equilibrar a súa situación financeira e pechar todos os exercicios a partir do 2012 con superávit. Esta situación permite que a Vigo teña unha economía saneada, sen ter necesidade de recorrer á débeda bancaria. Este equilibrio orzamentario lógrase tamén mediante o axuste do gasto corrente, o que permite reducir o prazo de pago a provedores, e manter un remanente de tesourería suficiente para cubrir os pagos extraordinarios que poidan xurdir no exercicio.

No apartado seguinte da presentación, lembra a estrutura básica do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016/2020, dividido en dous grandes fondos: financiamento estrutural (que supón os dous terzos do financiamento) e o financiamento que, de xeito nominal, se define “por resultados”, pero que en realidade, só inclúe un subfondo, o “Panel de indicadores” que podería considerarse como tal. Subliña novamente o vicerreitor en que aínda que nas declaracións políticas se indique que o financiamento por resultados supera o 33%, na realidade está ao redor do 15-16%. E, continúa, mesmo nese subfondo, os dous indicadores que teñen máis peso, non están racionalizados polo tamaño de cada universidade, polo que claramente prexudican ás de menor tamaño. Insiste en que este feito foi subliñado en todas as ocasións, e que a nosa posición é coñecida.

En todo caso, prosigue o vicerreitor, o financiamento do SUG para esta anualidade supera lixeiramente os 412 millóns de euros para o conxunto do SUG, estimando unhas achegas para a Universidade de Vigo de aproximadamente 109 millóns de euros neste ano, e se prevé un perfil plano ata os 110 millóns no 2020, con escasas posibilidades de superar esas cifras, ao eliminarse o crecemento por resultados.

Con este escenario, o vicerreitor presenta as liñas xerais do orzamento da Universidade de Vigo para o 2018 que acada os 172.552.088 euros, o que supón un incremento do 4,37% con respecto do exercicio anterior. En relación cos capítulos de ingresos, explica o incremento do 7,59% do capítulo III de ingresos por taxas e prezos públicos, que corresponden á previsión de cobrar neste exercicio os intereses de demora correspondentes a devolución do IVE dos exercicios 2013-14, á que foi condenada a Axencia Tributaria por sentenza xudicial. Destaca o incremento significativa nas transferencias de capital (11,45%) que deriva da estimación dun incremento razoable na captación de recursos de investigación, mobilidade e transferencia en convocatorias en concorrencia competitiva, especialmente nas convocatorias europeas H2020, e o aumento do 29,22% na variación dos activos financeiros, que deriva da incorporación de recursos captados en convocatorias anteriores e que se executan nesta anualidade. Para finalizar o apartado de ingresos, resume o vicerreitor a participación de cada un dos capítulos no orzamento total e as variacións producidas con respecto dos orzamentos do exercicio anterior.

Entrando no orzamento de gastos por capítulos, salienta o incremento do 5,28% no capítulo I, de gastos de persoal, respecto do exercicio 2017, que valora como excepcional no conxunto das universidades españolas. Explica tamén que, ao igual que en anos anteriores, o gasto de persoal (102.642.000 €) sitúase por riba do límite da masa salarial autorizada polo proxecto de orzamento da Xunta de Galicia (96 M€ nesta anualidade), debido á inclusión dos custos dos contratos de investigadores de convenios e programas tipo Ramón y Cajal e similares no capítulo I. A Xunta de Galicia reconece esta singularidade nos seus orzamentos, xa que outras universidades o contabilizan no capítulo VI. Fai especial fincapé en que, dende o ano 2012, nos peores casos da crise na administración, o incremento nos gastos neste capítulo I acadaron o 15,50%, incremento difícil de atopar noutra universidade ou administración pública. Estas cifras, engade, supoñen unha clara demostración da aposta deste equipo de goberno polo seu persoal e o seu desenvolvemento.

Menciona tamén o lixeiro incremento do 1,73% no capítulo II que deriva de que determinados proxectos de cooperación educativa e mobilidade internacional esixen incrementar o gasto corrente, xa que nesta anualidade priman máis as actividades de cursos, conferencias, etc. Isto compensa e en parte oculta o esforzo continuado que se realiza para lograr maior eficiencia nos recursos, que permite reducir os gastos correntes da xestión habitual da universidade.

En relación co capítulo IV, de transferencias correntes, salienta que a significativa redución do 8,51% non supón unha modificación da política de apoio ao estudantado cos recursos propios da universidade, que se mantén nas cifras do exercicio anterior. Explica o vicerreitor que é o efecto de que algúns programas de Mobilidade internacional e Cooperación ao desenvolvemento do Ministerio que, como se vén de indicar, nesta anualidade inciden máis en actividades que se plasman no incremento de gasto corrente, diminuindo ás axudas directas ou bolsas aos participantes, o que conduce a un descenso nas transferencias correntes.

Comenta a continuación o incremento do 9,31% no capítulo VI, de investimentos reais, que reflicte a execución dos proxectos finalistas que se prevén captar neste exercicio e a continuidade na execución das obras que están en marcha, destacando a sede institucional do Berbés, os traballos previos para a rehabilitación do Edificio Faraday; a adaptación do edificio de Benito Corbal en Pontevedra, a dotación do edificio do Campus da Auga en Ourense e o MTI.

Prosegue o vicerreitor presentando a participación dos principais capítulos de gasto no conxunto do orzamento total da Universidade, subliñando que o gasto no capítulo I supón xa o 59,48% do mesmo. Insiste en que unha información máis real conséguese comparando o total dese capítulo (102.641.859 euros) co financiamento estable que recibe a Universidade da Xunta a través do plano de financiamento universitario (aprox. 109.032.000 euros), o que supón unha cifra superior ao 94% das achegas derivadas deste plan. Polo tanto, subliña, estamos no límite do que é razoable gastar neste capítulo, se non é posible incrementar o financiamento. O Capítulo II supón o 15,62% do gasto, os investimentos reais o 19,12% e as transferencias correntes o 4,48%. Con estas cifras preséntase un obxectivo de liquidación do exercicio 2018 en perfecto equilibrio, cun saldo corrente negativo de 74.000 euros que ao longo do exercicio debería equilibrarse ou quedar lixeiramente en positivo, seguindo a traxectoria dos últimos anos nos que se realizou a liquidación con superávit.

Indica que ás accións concretas de goberno previstas para o 2018 en cada unha das vicerreitorías están detalladas na memoria achegada coa convocatoria.

Rematado o informe do vicerreitor de Economía e Planificación, o reitor abre unha rolda de participacións, que inicia o Sr. Xoan Cebro, indicando que desexa que a súa intervención sexa incorporada a acta (**Anexo III**). Na súa intervención, tras reiterar o comentario expresado no Claustro en relación coas universidades translúcidas, realiza unha análise pormenorizada dos custos estándar, e máis concretamente no subfondo do custo estándar, e da variación do fondo de resultados para o SUG, incidindo nas liñas de actuación das diferentes universidades nos apartados de persoal (PDI, PAS, e investigadores) e estudantado. Tras esta análise, na que destaca que algúns valores presentados nos orzamentos non coinciden cos datos que el manexa, formula unha serie de preguntas ao vicerreitor de

Economía e Planificación, relativas ás liñas xerais orzamentarias e as políticas de actuación para o ano 2018.

O vicerreitor responde agradecendo o ton da intervención, pero dada a extensión da mesma e o nivel de detalle das cuestións formuladas, no vai poder respondelas a todas, polo que cederá a palabra ao xerente. Céntrase na primeira parte da intervención, e coincide en que, por iniciativa desta Universidade levouse a cabo a revisión do cálculo do módulo de financiamento estrutural. Lembra que cando se estaba a elaborar o plano de financiamento, se propuxera que debía empregarse o número de alumnos ou créditos matriculados para computar este módulo. A Consellería non aceptou a proposta, introducindo un sistema de cálculo moi complexo que pretendía estimar o custo real da docencia. Neste cálculo se derivaban unhas variables estándar e un cadro de profesorado teórico para impartir a docencia etc. Como consecuencia das dificultades que xurdiron nos primeiros anos de aplicación de dito algoritmo, a Consellería aceptou a revisión dos criterios, simplificando os cálculos, e decidindo medir directamente o nº de créditos matriculados en cada universidade. Indica o vicerreitor que non ten aquí as cifras exactas, pero poden ser similares as que aporta o Sr. Cebro. Pero insiste en que esta universidade defendeu que se o financiamento estrutural depende do nº de créditos matriculados, as achegas débense incrementar con este número, e as universidades nas que debeza o número de créditos matriculados, deberán reducir as súas achegas. Defendouse este criterio porque se considera razoable, con independencia de que favoreza a unha ou outra universidade, xa que os estudantes de todo o país teñen dereito a ter un financiamento semellante. Esta proposta da Universidade de Vigo non foi aceptada no plano de financiamento anterior, e neste actual acabouse aceptando ao longo das últimas reunións da comisión de seguimento do Plan de financiamento.

En relación coa sentenza que menciona o Sr. Cebro favorable a UdC, salienta que fai referencia ao plano de financiamento anterior, polo que non afecta ao plano actual. Comenta que, en efecto, no plano anterior se recollía a existencia dun tope, de xeito que o incremento do financiamento nunha universidade producía unha diminución no das outras. A ese respecto, explica que se acadou un acordo entre a Consellería de Facenda e a UdC para axustar a cifra global que debía recibir a devandita universidade, lográndose que a Consellería asumise dito importe, sen repercutilo nas outras universidades, o que para as outras universidades é razoable.

Con respecto a táboa relativa ao panel de indicadores, non ten os datos para confirmar que as porcentaxes de variación sexan as que o Sr. Cebro refire, pero insiste o vicerreitor en que no reparto de fondos por resultados, inclúense aspectos que non gardan relación cos resultados o que xa se ten reiterado en moitas ocasións. Agravado polo feito de que os dous indicadores de maior peso neste reparto (un 30%), que si atenden a resultados, non están ponderados polo tamaño da universidade, polo que contan os grupos de investigación en termos absolutos, por exemplo. É evidente que o maior tamaño do cadro de profesorado da USC repercute moi favorablemente neste indicador. Consideramos que é un tratamento inxusto, pero non se conseguiu gañar esa teima, a pesar das reclamacións presentadas en cada unha das reunións de seguimento do plan. Engade o vicerreitor que solicitouse a realización de auditorías cando as universidades aporten os datos, para garantir a fiabilidade do sistema. Neste sentido, avanzouse máis no reconto dos créditos matriculados e menos na auditoría dos indicadores, pero hai que insistir na realización das mesmas para que o sistema sexa transparente.

Responde o vicerreitor ao cuestionado das liñas de actuación, relativo ás proporcións PDI/PAS e alumnado/PAS presentadas polo Sr. Cebro. Lembra unha resposta dada anteriormente á mesma cuestión, no ano 2010, na que o vicerreitor indicara que afortunadamente ditas relacións non eran as mesmas que nalgúns outras universidades e, coa perspectiva do tempo e do acontecido nesas universidades, confirmábase que ese foi uns dos factores que permitiu capear os efectos da crise. Indica que de manterse a situación económica favorable, poderían mellorarse algunha desas proporcións.

Con respecto á proposta de conversión en funcionario do profesorado contratado doutor, manifesta a súa sorpresa porque, en primeiro lugar, non se sabe de ningunha universidade que leve a cabo un proceso similar e, en segundo lugar, porque na mesa de negociación do PDI nunca se formulou unha proposta nese sentido. Comprométese a estudalo, pero reitera que é unha proposta novidosa.

Refírese o vicerreitor a algunha das comparacións realizadas na intervención do Sr. Cebro relativas á utilización das taxas de reposición noutras universidades, lembra que hai universidades dentro do SUG que non están utilizando, nin de lonxe, as posibilidades de convocatoria de prazas que lles correspondería pola súa taxa, e insiste en que a UVigo sempre chega ao límite da súa taxa, de aí o incremento no Capítulo I que foi explicado anteriormente.

Antes de ceder a palabra ao xerente para responder ás cuestións cuantitativas formuladas por categorías de persoal funcionario, indica que as afirmacións coas que rematou a intervención do Sr. Cebro poden ser un slogan sindical pero non reflicten a realidade. Pon como exemplo que a porcentaxe da masa salarial dedicada á acción social é superior á que se recolle no convenio colectivo.

Comeza o xerente abordando o tema da transparencia na universidade, explicando que, ademais da participación doutros membros da comunidade na elaboración dos datos, existe unha unidade específica, a Unidade de Análises e Programas, que realiza un importante traballo mantendo o Portal de transparencia que ofrece ao conxunto da sociedade, non só aos membros da comunidade, un nivel extraordinario de datos que brinda unha visión fiel e transparente do que é a universidade. E iso se manifesta en que a Fundación Compromiso e Transparencia, que é a única organización que analiza no estado estas cuestións, nos outorga unha puntuación de 26 sobre 27 ítems considerados, e somos a única universidade cualificada como transparente do SUG. Insiste o xerente en que se está a realizar un traballo excelente e continuado ao longo dos últimos anos, nos que tamén se nos clasificou no grupo de universidades transparentes.

En relación ao comentario realizado polo Sr. Cebro respecto á Acción social, explica que no convenio colectivo do PAS Laboral se establece que na política de Acción social da UVigo debe investirse o 1,5% da masa salarial dese colectivo no exercicio anterior, entende que debe informarse aos membros do Consello de Goberno que a Universidade de Vigo estende esta previsión a todos os colectivos do persoal da UVigo, posición que se mantivo ao longo de todos estes anos de goberno deste equipo. Lembra que na Mesa de Acción Social, é onde se establecen as condicións de cada convocatoria, polo que a cuestión de se o persoal do Capítulo VI accede ou non á Acción social, debería ser trasladada a dita mesa, na que tamén participan representantes sindicais da Xunta PAS, xa que se trata dun proceso negociado. Incidindo no apuntado polo vicerreitor e analizando os datos detallados que foron subministrados aos membros da Mesa de Acción social relativos aos gastos realizados neste concepto, compróbase que nos peores anos da crise, nunca se reduciu o importe da Acción social, e mesmo se realizaron melloras e se tomaron medidas para facilitar que todos os membros da comunidade puideran acceder a solucións que lles axudaran. Resume, para os membros do Consello de Goberno que, sobre a masa salarial de 2015 o que correspondería gastar en Acción social no ano 2016, de acordo co Convenio colectivo: 1.199.000 euros, mentres que o realmente se dedicou a este concepto foi de 1.573.000 euros estendido a todos os colectivos. Trátase dun importante esforzo que pon de manifesto a sensibilidade do equipo de goberno en relación con este tema. Fai fincapé o xerente en que estes datos son públicos e, por suposto, coñecidos polos membros da mesa de Acción Social entre os que están os representantes da Xunta PAS.

En relación coa cuestión que formula acerca da aplicación dos fondos correspondentes ao PAS funcionario e, a modo de exemplo, aclara que no último exercicio pechado (2016), en función da masa salarial do PAS-F do 2015 e aplicando o 1,5%, deberían haberse gastado en acción social do PAS Funcionario 180.530,68 € e gastáronse 301.583,47 €, cantidade bastante superior a que correspondería, non lonxe do dobre. Reitera que todos estes datos foron compartidos cos membros da Mesa de Acción Social e volve a salientar o esforzo da UVigo neste eido, no que en ningún momento se fixeron axustes á baixa, a diferenza do que fixeron outras universidades do SUG.

En resposta ao comentado polo Sr. Cebro acerca da existencia de contradicións nos orzamentos, o xerente incide en que tanto o equipo de goberno como a xerencia traballan coa administración que ten a universidade, e traslada que todos os datos incluídos na memoria de orzamentos son elaborados polos servizos da universidade. E remarca, de xeito contundente, que o traballo que realiza o persoal destes servizos é serio, sistemático e rigoroso.

Con respecto as 380 prazas de PAS-F que mencionou o Sr. Cebro na súa intervención, subliña que grazas á RPT aprobada, xa non existe na universidade persoal “por enriba da RPT”, xa que todo este persoal está xa incluído no cadro de persoal da universidade. Insiste o xerente en que todos os datos que está a ofrecer son contrastables, xa que esta información foi presentada neste Consello de Goberno, autorizada pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Xunta de Galicia e publicada no DOG, polo que está ao dispor de calquera membro da sociedade. Engade que, examinando a evolución do límite masa salarial da Universidade, que se publica no DOG, compróbase que este ano vaise producir un incremento do 4,28% duplicando a porcentaxe de calquera outra universidade galega, sendo a primeira vez que se superan os 100 millóns de euros no gasto no capítulo I. Reitera que isto supón un esforzo económico enorme que reflicte a política do equipo de goberno da universidade, e que nos achega ao límite do que pode asumir a universidade. En relación co comentario do gasto en altos cargos, lembra que este é o único colectivo no que se produce unha diminución do gasto, en máis do 25% con respecto ao exercicio anterior.

Responde tamén ao referido polo Sr. Cebro en relación coas gratificacións. Indica que os incentivos ao rendemento están recollidos no orzamento, concretamente no apartado 15, supoñendo 766.000 euros, dos cales 760.000 euros corresponden á “Produtividade-PAS”, concepto retributivo que foi negociado e que cobra todo o PAS funcionario. E os 6.000 euros restantes son para gratificacións, que neste exercicio, non se consumiron máis que nunha pequena parte e que se reparten en base a criterios claros que figuran nunha instrución que é pública. Fai fincapé, no alto grao de responsabilidade do noso persoal, así como o nivel de compromiso co seu traballo. E lembra que, nalgúns servizos existen picos de traballo en prazos moi concretos derivados de convocatorias, matrícula etc. que se atenden coa bolsa de horas, ou se abonan.

Continúa referíndose ao proceso de negociación. Agradece o ton empregado na intervención e que se sentara a participar en todas as mesas de negociación ás que foi convocado. E agradece a participación de todos os representantes de PAS-Laboral e PAS-funcionario. Estase a desenvolver unha política de negociación razoable. Fala do proceso de funcionarización que se fixo a medias cos comités de Pontevedra e Ourense, nesas reunións realizouse un traballo importante e se xeraron uns documentos cos que se convocou a Xunta-PAS funcionario, xa que considérase que debe participar. Agora, continúa, en base a eses documentos, a Xunta-PAS presenta unha alternativa, xa que se trata dun proceso de negociación, pero, conclúe non é correcto indicar que é o único documento existente, como se pode verificar nas actas e poden confirmar os compañeiros alí presentes.

Finaliza indicando que non é correcto dicir que non se atende aos alumnos e bolseiros nos campus de Pontevedra non é certo, xa que sigue a haber unhas áreas de servizo á comunidade cuxo manual de funcións recolle este servizo de atención. Subliña que o problema deriva de que non houbera concurso de méritos dende hai 9-10 anos. De facerse cada dous anos, os cambios non serían tan importantes. E puntualiza que no Campus de Pontevedra hai un xefe de negociado de apoio ao Campus que, entre outras tarefas, ten que realizar o apoio á investigación. Remata insistindo en que algunhas opinións presentadas neste consello polo Sr. Cebro deben ser matizadas, e que os datos que aportou para elo, son contrastables coa documentación que a universidade fai pública, nun exercicio claro de transparencia.

O Sr. Cebro solicita a quenda de réplica e o reitor lle indica que xa hai palabras pedidas, polo que cederalle a palabra nunha segunda rolda de intervencións. Antes do cal, responde a cuestión formulada relativa ás eleccións, indicando que se trata dun proceso automático e que a programación estaba feita, xa que, para intentar que as votacións teñan lugar en abril, o proceso debe iniciarse en febreiro. Pero antes débense aprobar os estatutos en xaneiro e remitilos á Xunta de Galicia para o control de legalidade e a súa publicación.

O reitor cede a palabra ao profesor Reigosa Roger, quen desexa amosar a súa inqueda e preocupación porque este plano de financiamento é inxusto para a UVigo, algo que sen dúbida é compartido, xa que non nos deixa medrar en calidade, non reconece en absoluto os esforzos realizados, moi especialmente no ámbito da investigación e transferencia. Considera que este plano funciona como unha especie de



guillotina, xa que é restritivo, o orzamento non medra, limitándose a recoller a taxa de reposición e probablemente as subas dos complementos que perciben os profesionais polos esforzos realizados.

Considerando a propia vixencia do actual plano de financiamento así como o calendario ás eleccións á Xunta de Galicia, o profesor Reigosa pregunta se xa hai conversas entre as tres universidades galegas para a petición dun novo plano de financiamento. Insiste na súa impresión de que o financiamento vai ser inferior ao que precisan as universidades do SUG, especialmente o que precisa a nosa, polo que estaremos limitados en temas de persoal e en cuestións que atinxen á calidade da docencia e da investigación e transferencia. Reitera polo tanto a súa preocupación.

E con respecto aos orzamentos, non entrar a matizar algúns detalles que se está seguro que se arranxarán ao longo do curso, como un pequeno descenso nas bolsas de mobilidade. Expresa e desexa facer constar o seu voto favorable, aínda que lamenta que non se fixera máis debate no claustro, pero agradece a brevidade e claridade da presentación dun tema que é complexo, incluíndo as imaxes que acompañan a dita presentación. Para finalizar reitera a cuestión de se hai iniciativas ao redor dun novo plano de financiamento, xa que, tendo en conta a posición da xunta en relación coas universidades, podería intentar prorrogar o actual o que sería moi prexudicial para esta universidade que é máis dinámica. Desexa facer constar que calquera iniciativa deste goberno para facer chegar tanto á opinión pública como aos nosos políticos que este financiamento público é insuficiente, pode contar co seu apoio.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen comeza agradecendo as palabras do profesor Reigosa e reitera a posición do equipo de goberno en relación con este plano de financiamento, cuxos elementos centrais consideramos que son regresivos con respecto ao anterior. Destaca que nos sentimos moi implicados na elaboración do plano anterior porque era un avance, e recollía as achegas desta universidade en moitos sentidos, era coherente e lóxico por resultados, demasiado tímido, na nosa opinión, pero supuxo un cambio radical, a pesar das limitacións no volume do financiamento global. Continúa explicando que cando se negociaba este segundo plano, dábase por suposto por todas as partes que se ía manter a esencia do anterior, e así se levou adiante a negociación, pero nas últimas xuntanzas tivo en lugar esta clara regresión, para reconducir o financiamento por resultados, con decisións tan pouco axeitadas como o explicado do panel de indicadores, no que de doce criterios os dous máis importantes non están ponderados polo tamaño, o que permite albiscar cal era o obxectivo. Concorde co profesor Reigosa en que a coincidencia da finalización do plano de financiamento co proceso electoral da Xunta de Galicia produce preocupación, pero non se pode saber o resultado. Recoñece a importancia de ter un plano de financiamento a cinco anos, que proporciona estabilidade ás universidades, e tamén o esforzo que supuxo non subir as taxas académicas durante toda esta etapa, feito que a universidade de Vigo apoiou intensamente dende o comezo. Finaliza agradecemento o apoio que ofreceu e indicando que se trasladarán aquelas iniciativas que se emprendan.

O reitor agradece tamén as palabras do profesor Reigosa e, compartindo a inquedanza expresada anteriormente, desexa amosar un punto de optimismo. Na súa opinión, o peor dos escenarios actuais sería unha conxelación da situación actual, e lembra que no ano 2010 a perspectiva era moito máis negativa para esta Universidade, xa que non se quería poñer en marcha ningún compromiso de financiamento plurianual, e a política conducía a recortes continuos por mor da crise ou coa excusa da crise, que se plasmou nunha redución do 25% nas achegas. Nese contexto, a negociación do plano 2011-15 foi un éxito non só por acadar un plano de financiamento plurianual, senón tamén porque se logrou o compromiso de conxelar as reducións e porque conseguiu que o reparto fora máis obxectivo, rompéndose criterios históricos e baseándose en criterios cuantitativos en base a resultados. Neste segundo plano, as negociacións seguían o mesmo camiño, como expuxo o vicerreitor, pero nas últimas horas, diante da situación de endebedamento e suspensións de pagos das universidades do norte, as consellerías de Facenda e Educación romperon os acordos e leváronnos a esta situación. Dado que non se podía negociar nesa liña, xa que o prioritario era dar estabilidade á masa salarial de esas universidades, conseguiu-se que continuara sendo plurianual e que se ligara o crecemento global do plano de financiamento ao crecemento económico, xa que se estimaba que as cifras macroeconómicas irían mellorando.

Durante o desenvolvemento do plan, tan só se podían modificar os indicadores por resultados na comisión de seguimento. Pero a sentenza mencionada polo Sr. Cebro puxo de manifesto que os cálculos realizados pola Consellería de Facenda son erróneos, polo que acordouse que non debería afectar ás outras universidades. Isto fixo que se anularan cambios de menor calado para eles. Deste xeito, hai que centrar os traballos no plano seguinte, e se o goberno actual quere aproveitar a súa posición positiva na Xunta quere sacalo adiante poden ofrecer unha noticia positiva na que as tres universidades estarían de acordo, que sería aumentar o total do financiamento. Indica o reitor que o custo mínimo do sistema é de 500 millóns, polo que esa é a cantidade que debemos conseguir. Destaca que nesta universidade todos temos interiorizado un modelo de financiamento en base a resultados. Pero nas outras non se comparte esta idea, polo que sempre hai discusións. De feito, engade, hai universidades que non están de acordo con nós na conxelación das taxas, aínda que non o expliciten directamente, pero si traballan nesa liña e o manifestan no Consello Galego de Universidades.

Polo tanto, resume o reitor, o que este executivo quere deixar é un clima positivo para que o novo que xurda das eleccións poida negociar ao longo do ano próximo un novo plano de financiamento, buscando un incremento global da financiación para que logo non exista tanta resistencia ao establecemento de indicadores máis axeitados, recuperar algúns dos que foron eliminados (empregabilidade, internacionalización, calidade académica...) e acadar tamén a relativización en función do tamaño da universidade. Considera que o camiño está preparado e a relación coa consellería é favorable, o que non sucedía cando chegou este equipo, xa que só se pensaba en recortar, polo que traballando axeitadamente pódese lograr. Engade o reitor que o goberno non podería argumentar que o incremento non se pode afrontar pola situación macroeconómica, xa que eles constantemente insisten na súa bondade, polo que debemos aproveitar esa situación. Insiste en que a clave está nese incremento de 430 a 500 millóns podería acordarse a pesar das diferencias existentes entre os modelos propugnados polas universidades e conclúe dicindo que traballará estes meses para favorecer esta vía.

Cede o reitor a palabra ao profesor González Santamaría, quen agradece que se incluíra na memoria dos orzamentos o cadro de amortización que xa solicitaran en anos anteriores. Di que non entende que non se incluíra, xa que considera que en certas situacións xustificadas unha institución pode e debe endebedarse. Neste caso, engade, non existe débeda financeira con entidades bancarias pero si existen case 7,7 millóns de pendentes de amortización, que estima que son perfectamente asumibles. Insiste en que é unha información que hai que ofrecer, xa que en ocasións son os gobernos posteriores os que teñen que asumir esa débeda. Indica que bota en falta algunha información, que supón que non se incluíu máis por falta de comunicación que de transparencia, xa que debe estar en algures na web. Cita como exemplo que habería que informar a que se van dedicar os máis de 5,5 millóns de euros do Campus do Mar, solicita que se aclare. De feito hai infraestruturas que non sabe se están ou non vencelladas ao Campus do Mar, como as antigas instalacións da ETEA. Indica que ás veces as noticias son confusas polo que convén que se aclare.

Tamén denuncia a discriminación do profesorado a tempo parcial na percepción das axudas de acción social da Universidade, o que vai en contra das directivas da comunidade europea que loitan contra a discriminación destes traballadores con respecto aos de tempo completo.

En relación ao posible cambio de tendencia que parece apuntar o feito de que non exista redución de orzamentos no capítulo I, expresa o seu desexo de que se prolongue e que se poñan en marcha recentes desenvolvementos normativos que tratan de loitar contra a interinidade, polo que xa o apoiaron na mesa de negociación, estabilizando a PDI interino ou AD que pasaron polo período de intensificación investigadora.

Lamenta que se deixe unha vez máis ao profesorado asociado a tempo parcial sen a posibilidade de promocionar a prazas de tempo completo, como si se fixo no 2013, no que existían plans, cando a situación economicamente era peor. Na súa opinión, non se xustifica que agora non se faga cando o impacto orzamentario sería mínimo, e solucionaríase moitos problemas en áreas nas que se abusa da figura de profesor Asociado, con problemas derivados nas direccións de TFG, titorización de Erasmus, prácticas e mesmo o acceso a cargos de xestión. Considera que a implantación deses plans de promoción a prazas a TC, iría na liña marcada polas directivas europeas, que está dando lugar a xurisprudencia e sentenzas

favorables. Anima ao goberno a abrir vías de diálogo, e aínda que sabe que os orzamentos non hai que negociarlos, pero estima que sería un bo exercicio democrático o dialogar cos distintos colectivos, e non se está facendo. Finaliza indicando que a loita que se está iniciando contra a precariedade debería chegar ao eslabón do PDI a TP, concretamente o profesorado Asociado.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación, indicando que nunca houbo ningún tipo de prevención para non incluír o cadro de amortizacións, senón unha inercia no formato dos orzamentos que provocou ao retraso de incorporala despois da súa petición, sen ningunha intencionalidade. Aproveita para dicir que tamén se detallaron os conceptos recollidos no apartado de Outros gastos, tal como tamén solicitara.

En canto, á información que bota en falta, o vicerreitor explica que o Campus do Mar é un proxecto que se gañou no 2010 que tiña un período de execución de 2 ou 3 anualidades e que nós estiramos ata o ano 2017, duplicando a duración do proxecto co mesmo financiamento. Lembra que o comisionado do Campus do Mar informa periodicamente das accións desenvolvidas con ese financiamento diante do Consello de Goberno, polo que a información é abundante. Pero aclara que eses 5,5 millóns xa se esgotaron no desenvolvemento de actividades levadas a cabo dende o 2010, non teñen que ver co investimento dos edificios a ETEA, que aínda que se dediquen ao Campus do Mar, o seu financiamento procede doutras vías.

Con respecto ás cuestións que formula o profesor González Santamaría en relación co que denomina profesorado a tempo parcial, o vicerreitor non vai entrar no detalle das cuestións, xa que insiste en que o profesorado asociado o constitúen persoas que teñen unha actividade profesional principal que desenvolve fóra da universidade, sendo a docencia que imparte aquí unha actividade secundaria, polo que non pode denominarse de maneira xenérica profesorado a tempo parcial, nin pode equipararse con outras figuras de profesorado universitario, xa que esta figura ten esixencias e condicionantes de acceso son totalmente diferentes.

Inicia o reitor unha segunda rolda de intervencións, na que toma a palabra o Sr. Cebro Rodríguez para responder ao xerente. Indica que coñece ben a Área de Análise e Programas e sabe do seu bo traballo, pero manifesta o seu malestar porque o xerente bote a culpa aos compañeiros dos datos incorrectos no número de efectivos, di que estes erros non se poden xustificar co traballo dos demais. É preferible recoñecer que se cometeu un erro.

O reitor expón que en efecto a contabilidade analítica a realizan os servizos, e a recompilación de datos tamén, pero atendendo á súa lectura en detalle das cifras presentadas, realizarase unha coidadosa revisión para ver se hai algún erro ou un encaixe mal feito.

O Sr. Cebro informa que pensaba votar en contra, pero que vaise abster, porque recoñece que a Universidade fai un esforzo en algúns ámbitos, aínda que non no PAS funcionario.

Procédese á votación e a proposta resulta aprobada por 27 a favor, dous en contra e tres abstencións.

## **5. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.**

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen explica que, en aplicación do artigo 133 dos Estatutos, preséntase á consideración do Consello de Goberno as propostas realizadas polos centros para a concesión dos premios extraordinarios de graduado ou graduada, así como a proposta da Comisión de Estudos de Posgrao dos premios extraordinarios de doutoramento entre os doutores e doutoras que conseguiron no curso académico anterior a máxima cualificación. Do mesmo xeito, en aplicación do regulamento sobre "Premios Extraordinarios Fin de Carreira" foi aprobado nas Xuntas de Goberno celebradas os días 8 de novembro de 1999 e 10 de febreiro de 2000, achéganse as propostas realizadas polas escolas de Enxeñaría.

Indica que a entrega destes premios terá lugar na cerimonia na celebración de Santo Tomé, no mes de xaneiro, de aí a necesidade de presentalos nesta sesión do Consello. Dado que hai varios centros teñen aínda pendente de celebrar a Xunta de Centro, as súas propostas están pendentes de ratificación. Propoñemos que se aproben as que foron remitidas dende a secretaría e se delegue en Secretaría Xeral a resolución dos posibles desacordos que podan xurdir.

A secretaria xeral menciona que no listado de premios extraordinarios fin de carreira que foi achegado xunto coa convocatoria figura unha alumna como proposta da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. Non obstante, a comisión nomeada a tal efecto polo centro deixou a proposta de premio baleira, argumentando que a alumna non presenta un expediente excelente. Posto que a estudante cumpre os requisitos establecidos pola normativa (2,781 de nota no seu expediente) e a argumentación exposta pola comisión é insuficiente, explica a secretaria xeral que no caso de que a estudante presentara recurso, habería que estimalo. Engade que a comisión, verbalmente, transmitiu que non se concedera o premio debido a un alongamento excesivo dos estudos, pero este aspecto non está incluído na normativa polo que, como xa ten acontecido en anos anteriores, os recursos presentados neses casos acaban prosperando, mesmo en vía xudicial. Di que ata o de agora, a estudante non é coñecedora da proposta da comisión, xa que non tivo lugar a Xunta de Centro que a debe ratificar.

Polo tanto, continúa a secretaria xeral, propónse a este Consello de Goberno que se aprobe o listado de premios sen esta alumna, tal como acordou a correspondente comisión, pero que, no caso de que se presente dito recurso e que, en base do informe de asesoría xurídica a súa resolución deba ser estimatoria, poida ser incluída de oficio na relación de premios extraordinarios pola Secretaría Xeral, xa que non habería tempo de agardar ata o próximo CG.

Intervén o director da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, Íñigo Cuña, quen indica que esta situación xa foi comentada e acordada coa secretaria xeral. Explica que a comisión que valorou os expedientes optou por deixar deserto este premio, porque considerou que unha persoa que emprega 22 anos para concluír os estudos, aínda que acade a cualificación que establece o regulamento como suficiente para optar a un premio extraordinario, non pode considerarse que teña unha traxectoria académica extraordinaria. Considera que se a interpretación do regulamento conduce a unha situación como a exposta pola secretaria xeral, terá que asumirse esa decisión.

Solicita que cando se proceda á reforma deste regulamento se teña en conta non só a cualificación obtida, senón que se estableza unha limitación do tempo de estudos en función se a dedicación é a tempo completo ou a tempo parcial, para que noutra situación de cambio de plans de estudos non aconteza o mesmo. Outra alternativa, expón o profesor Cuña, sería que non existira unha comisión académica para a valoración dos expedientes e que a concesión se realizara de xeito cuantitativo e automático polo persoal das áreas académicas.

Toma a palabra o profesor Álvarez Villamarín para expresar a súa opinión de que, independentemente do que estea recollido no regulamento, debe manterse a proposta da comisión xa que contempla outros aspectos a maiores. Responde o reitor que, en efecto, esa é a proposta que se presenta diante do consello, no caso de que exista un recurso, a inclusión se faría de oficio.

A continuación intervén a profesora Marta Fernández Prieto e indica que o próximo ano finaliza a primeira promoción do plano conxunto de varias titulacións, polo solicita que, no caso de que se modifique o regulamento, se teña en conta este feito para evitar estas situacións.

Apróbase por asentimento a proposta a proposta de premios extraordinarios de grao e doutoramento, presentada diante do Consello de Goberno. No caso dos premios extraordinarios fin de carreira, mantéñense as propostas realizadas polas comisións (**Anexo IV**).

Finalizadas as intervencións o reitor lembra aos membros do Consello que o día do padrón celébrase o día 26, que será festivo, pero o acto académico de Santo Tomé terá lugar no luns 29, día lectivo.

**6. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por Ana Belén Méndez Fernández contra os acordos do 25/04/17 do Dpto. de Análise e Intervención Psicosocioeducativo sobre os criterios de asignación e elección de materias e orde de prelación do profesorado para a elaboración do POD.**

Expón o reitor que, como é habitual, foron invitadas a participar as persoas directamente implicadas, neste caso a recorrente, Ana Belén Méndez Fernández e a directora do Dpto. de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, Carmen Verde Diego.

Cede a palabra á secretaria xeral, quen resume os antecedentes do recurso. Expón que na acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa de 20 de marzo de 2017 acordouse que “A orde de prelación do Dpto. AIPSE será a establecida pola Resolución Reitoral do 11 de novembro de 2016 da Universidade de Vigo”. E na posterior sesión do consello de departamento de data de 25 de abril de 2017 ratificáronse, aprobándose os “Criterios de asignación e elección de materias do DPTO.AIPSE entre o seu profesorado para a elaboración do POD 2017-18”, así como a “Orde nominal de prelación para o profesorado a tempo completo do Dpto. AIPSE dentro de cadansúa especialización científico-académica para o POD 2017-18”, a “Orde nominal de prelación para o profesorado a tempo parcial do Dpto. AIPSE dentro de cadansúa especialización científico- académica para o POD 2017-18” e consecuentemente o “POD do curso 2017-18”. Engade que, segundo consta na acta, os catro puntos aprobáronse por maioría.

O día 24 de maio de 2017 dona Ana Belén Méndez Fernández presentou recurso de alzada contra os acordos anteditos, alegando que nos cursos anteriores os criterios aprobados practicamente por unanimidade priorizaban aos profesores titulares de Escola Universitaria fronte aos CD, e o cambio levado a cabo este ano baséase nunha Resolución Reitoral, pero nin na normativa xeral (LOU), nin nas normas da UVigo, se establece ningunha orde de prelación, polo tanto alega que, en ausencia de normativa superior, debe acudir ao criterio de categoría e antigüidade.

Argumenta a profesora Méndez Fernández que os PTEU “pertencen a un grupo de profesores funcionarios que están regulados por normativa específica e que acceden ao seu posto tras superar probas específicas establecidas por normativa”. Menciona xurisprudencia que apoia esta afirmación. Polo tanto, solicita que sexan declarados nulos de pleno dereito os acordos do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, do 20 de marzo de 2017, e solicita tamén que se acorde a suspensión cautelar dos acordos impugnados en tanto se resolve o presente recurso. A secretaria xeral informa tamén de que o día de 21 de xuño de 2017 ditouse Resolución reitoral pola que se desestima o pedimento da profesora Méndez Fernández de suspensión cautelar de acordos do 25 de abril de 2017 do Departamento sobre a elaboración do POD.

Continúa expoñendo que, para apoiar a decisión deste órgano en canto ao fondo do recurso, foi solicitado informe da Asesoría Xurídica, que se fixo chegar xunto coa documentación deste Consello de Goberno e pasa a realizar un resumo mesmo.

Lembra que a Resolución reitoral, de 11 de novembro de 2016, establece a seguinte orde de prelación aos efectos de comprobación e verificación do cumprimento da Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e profesorado contratado doutor (Consello de Goberno 8/10/2008) e das instrucións para a constitución e actuación das comisións específicas de área:

*Grupo I: Catedráticos/as de Universidade*

*Grupo II: Pertencen a este grupo o restante profesorado funcionario e o contratado fixo con título de doutor:*

- a) Profesorado Titular de Universidade*
- b) Catedráticos/as de Escola Universitarias*
- c) Profesorado Contratado Doutor*

*Grupo III: Pertencen a este grupo o profesorado funcionario ao que non se lle esixe o título de doutor:*

- a) Profesorado Titular de Escolas Universitarias*

*Grupo IV : Inclúense neste grupo os seguintes contratados:*

- a) Profesorado Funcionario Interino*
- b) Profesorado Contratado Doutor Interino*
- c) Profesor Axudante Doutor e investigadores contratados ao abeiro dos programas “Ramón y Cajal”, Parga Pondal ou equivalentes.*
- d) Profesorado Visitante.*

*Grupo V: Outros contratados:*

- a) Profesorado Asociado T3-TC*
- b) Axudantes*
- c) Profesorado Asociado a tempo parcial*
- (...) ”.*

Destaca a secretaria xeral que, se ben esta resolución está dirixida á probas de selección do persoal e non a elaboración do POD, polo que non é de obrigado cumprimento, non obstante algúns departamentos, no exercicio da súa competencia, acordaron seguir este criterio para a clasificación do seu persoal.

Por outra banda, existe xurisprudencia que establece que estaría xustificada a preferencia do profesor contratado doutor sobre o profesor de Escola Universitaria non doutor, aos efectos da preferencia no orde de asignación de docencia, xa que o profesor contratado doutor ten plena capacidade docente e investigadora que o Profesor titular de Escola Universitaria non doutor non ten. (sentenza de 28 de novembro e 2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León citado no informe de Asesoría Xurídica), polo que sería conforme á legalidade a modificación do Regulamento que se impugna

Prosegue referindo que non existe ningunha norma que estableza que os docentes dos corpos de funcionarios teñan prioridade para elixir docencia fronte aos laborais, é dicir, a prelación do profesorado de Escola Universitaria non doutor sobre o CD non está establecida. Debe ser polo tanto o propio Departamento quen estableza a ordenación do seu profesorado para a asignación da docencia. E así o fixo o consello de departamento, aprobando unha orde de prelación que parece asentarse en criterios aceptables, tanto para a propia universidade na selección de persoal como a nivel xudicial parecen confirmar as sentenzas. Polo tanto, finaliza a secretaria xeral, esta Reitoría propón a desestimación do recurso.

O reitor cede a palabra á directora do departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa quen di que é relevante explicar que o departamento non define unha orde de prelación por propia vontade, senón por orde xudicial, xa que estaba sometido dende o ano 2012 a diversos procesos xudiciais, que instaba ao establecemento de dita orde de prelación. Para establecela, empregaron un informe da Asesoría Xurídica do ano 2005, como documento base e, dado que non era de obrigado cumprimento, o departamento alterou a orde en dous puntos e, a petición da profesora Méndez, situáronse aos PTEU por diante dos CD. No que respecta aos profesores a tempo parcial, tamén por acordo dos asociados do departamento, estableceuse como primeiro criterio de selección a antigüidade na Universidade de Vigo e como segundo a posesión do título de doutor.

Por este motivo, continúa a directora, cada ano sempre se aproban os criterios de prelación, que foron idénticos todos estes anos, e posteriormente a orde nominal dos profesores para a selección da docencia. Este ano, entenderon que, habendo unha RR aprobada no ano 2016, tiñan que ser aplicados ditos criterios de xeito obrigado. Di que fixeron consultas telefónicas na vicerreitoría e entenderon que si era obrigatorio. Polo tanto este ano reaxustaron a orde de prelación a dita resolución reitoral modificando a que tiñan antes, pasando os CD antes que os PTEU, e nos Asociados, priorizouse o doutoramento fronte a antigüidade.

Cede a palabra o reitor á profesora Méndez Fernández, quen reitera que no departamento entendeu que a resolución reitoral era de obrigado cumprimento para a asignación de docencia, polo que presentou recurso de alzada, e xustifica que existe xurisprudencia previa que xustifica o feito de antepoñer o ao funcionario fronte a un contratado, e que considera que ser doutor non é prioritario para a elección da

docencia. Lamenta que dita RR se publicara na páxina web, pero non se informara aos departamentos, polo que non se puido recorrer ata que foi aplicada.

A secretaria xeral expón que a resolución reitoral, no seu propio enunciado especifica que a orde de prelación que presenta é para a constitución e actuación das comisións específicas de área, polo que resulta evidente que non aplica á selección de docencia. O Consello de Goberno debe considerar o acordo tomado polo Consello de Departamento que aproba unha determinada orde de prelación, sen que poidamos entrar a considerar os motivos que levaron a cada membro á toma de dita decisión.

Reitera a profesora Méndez que, dende o momento que o Departamento considera que a resolución é de obrigado cumprimento para a elección de docencia e, polo tanto, non pode ir en contra dela. E así, se transmite a todo o Departamento.

O reitor indica que temos que actuar e resolver en base aos actos administrativos realizados. E a decisión tomada no Departamento é axustada á lei e, segundo o informe de Asesoría Xurídica é a que cómpre manter. Vostedes indican que a causa pola cal o Departamento tomou tal decisión en unha interpretación ou unha información que recibiron, pero isto non é o que temos que debater. O Departamento pode cambiar a súa decisión, pero o Consello de Goberno non pode facelo. Pódese facer unha recomendación de que se cambie para o futuro.

Intervén a directora do Departamento, para reiterar que despois de catro anos de xuízos non terían cambiado a orde de prelación que se acordara no Departamento e que funcionaba, se non fora porque tras unha consulta telefónica á dirección de área de profesorado e se lle informa de que a resolución reitoral é de obrigado cumprimento. Posteriormente, traslada aos profesores do Departamento tal obrigatoriedade. Solicita que a Universidade teña a determinación de establecer unha orde de prelación clara.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado aclara que, en efecto, o Departamento solicitou, como tamén se fixo no Consello de Departamento noutras ocasións, que se establecera unha orde de prelación dende a vicerreitoría. En todas as ocasións se dixo que non se faría, que é competencia do departamento. Engade que, cando se pide unha orientación, se envía a resolución reitoral pero, explica, que esta responde á necesidade de constituír un tribunal de prazas, xa que só pode formar parte del o persoal de igual ou superior categoría que a praza xulgada. Insiste en que ela en persoa dixo que é competencia do departamento acordar dita orde de prelación.

Intervén o profesor Álvarez Villamarín, para expoñer a súa sorpresa, e suxire que a profesora pode retirar o recurso e formular outro no que se inclúan todas as circunstancias que se están a expoñer.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral. Esta expón que o Consello de Goberno ten que resolver este recurso que se presenta ante el. O informe de Asesoría Xurídica marca a actuación que debemos seguir no caso de que a decisión tomada polo departamento fora tomada correctamente. No debate mantido, e pola información que nos trasladan as dúas representantes aquí presentes, tomamos consciencia de que dita decisión foi tomada en base a unha confusión ou interpretación errónea. Nós non podemos ir en contra do acordo tomado, pero si podemos acordar que se retrotraia o procedemento ata o momento en que o Consello de Departamento tomou dito acordo, para que á luz da correcta interpretación da resolución reitoral poidan tomar a decisión que estimen oportuna. E reitera en que é o Departamento o órgano competente para que, coñecendo o seu cadro de persoal, tome a decisión de como se debe asignar a docencia e estabilidade a orde de prelación que considere máis axeitada.

Novamente intervén a profesora Verde Diego para expoñer que o cambio na orde de prelación que viña funcionando correctamente no seu departamento durante cinco anos se fixo porque lle transmitiron que debían cumprir a resolución reitoral, non por un erro. E volve a solicitar que a Universidade clarifique a interpretación.

O reitor insiste en que non podemos entrar nas causas da decisión tomada e repite que o procedemento administrativo permite tan só ese marxe de manobra: ou se desestima o recurso ou se retrotrae para que o departamento tome unha nova decisión. Pregunta se aceptarían esta solución.

A secretaria xeral pregunta tamén se retrotraer o procedemento e tomar un acordo en sentido contrario ao que orixinou o recurso estabilizaría o Departamento, ou podería causar prexuízos a outros membros do Departamento. Responde a directora que non se prexudica a ninguén, posto que non hai CD no seu departamento, polo que á profesora reclamante non lle supón cambio ningún na docencia escollida.

Proponse, polo tanto, que se estime parcialmente o recurso acordando a retroacción do procedemento, para que o Consello de Departamento acorde unha nova orde de prelación para a elección de docencia na elaboración do POD.

Apróbase por asentimento.

**7. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: *Convenio específico de colaboración entre las universidades Autónoma de Barcelona; de Barcelona; de Castilla-La Mancha; de Córdoba; de Extremadura; de Granada; de les Illes Balears; Internacional de Andalucía; de La Laguna; de Málaga; Miguel Hernández de Elche; de Murcia; Católica San Antonio de Murcia; Nacional de Educación a Distancia; Politécnica de Cartagena; Politécnica de València; de Salamanca; de Santiago de Compostela; de Sevilla; de València; de Valladolid; de Vigo; de Vic - Universitat Central de Catalunya; de Zaragoza; Europea; e Internacional Menéndez y Pelayo, para la coproducción del proyecto “UNIVERSO SOSTENIBLE” – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a colaboración no desenvolvemento das actividades da rede de investigación TECANDALI – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Congreso (Argentina) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Congreso (Argentina) para o intercambio de estudantes – Co-operation framework agreement between The Universidade de Vigo and Esprit – Sepecific framework agreement between The Universidade de Vigo and Esprit for student exchange.***

Apróbanse por asentimento.

**8. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 1 PDI.**

Explica o reitor que non se presentou ningunha candidatura, polo que persiste a vacante.

**9. Elección de representantes na Comisión de Organización Académica e Profesorado: 1 PDI.**

O reitor indica que presentouse unha única candidatura, a do profesor Luís Alonso Bacigalupe, polo que non é necesario realizar a votación, quedando elixido como representante.

**10. Elección de representantes na Comisión de Economía e Planificación: 1 PDI.**

Refire o reitor que a única candidatura presentada foi a de D. Luís Alonso Bacigalupe.

Aclara a secretaria xeral que o artigo 18.8 da Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno establece que no caso de quedar sen cubrir algún posto dunha comisión, procederase a unha nova elección, na que non será aplicable a limitación de non poder presentarse á máis de unha comisión.

Polo tanto, di o reitor, ao coincidir as candidaturas coas vacantes, non hai que facer votacións e queda elixido.

**11. Rogos e preguntas.**

Toma a palabra o profesor Reigosa Roger. Expón que sendo, probablemente, esta sesión a última do Consello de Goberno neste ano onde non se inclúe na súa orde do día a toma de decisión con respecto das



áreas nas que se poden convocar as prazas de CU, informa de que somos a última universidade do Estado en sacar as prazas a concurso, en resolvelas e nas tomas de posesión. Pregunta se hai algún motivo para ser os últimos, se é cuestión de conflictividade ou por cuestións de aforro.

Responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado que é xustamente polo contrario. Explica que a Universidade de Vigo é das poucas que este ano empregaron a lei de orzamentos do Estado, aprobada no verán. Pon o exemplo da Universidade da Coruña, que sacou a súa oferta de emprego no mes de maio, se nós tiveramos feito o mesmo, teriamos 13 prazas menos nesta convocatoria. Polo tanto, aproveitamos ao máximo as posibilidades de dita lei, por iso os prazos son tan xustos, explica a vicerreitora. Engade que non se pode convocar ata que non se aprobe a oferta de emprego público, que confía en que mañá estea publicada. No caso da USC, esta situación non lle afecta, porque non usa o máximo da súa taxa de reposición, en cambio á UdC si o fai, continúa, pero ao publicar a súa oferta tan rápido, non puido aproveitarse do extra para os interinos. Engade a vicerreitora ata onde ela sabe, a nosa Universidade é a primeira que o emprega.

Di o reitor que, como xa ten comentado en ocasións anteriores, estiramos os prazos ao máximo, porque se estaban negociando melloras con respecto a interpretación da taxa de reposición e, na medida en que se flexibilizara poderíamos incrementar o número de prazas. Optouse por agardar e, en efecto, conseguíuse acadar o aumento esperado.

Intervén a continuación o profesor Vallejo Pousada, di que realizará unha serie de preguntas que pasará á secretaria xeral para que se incorporen á acta (**Anexo V**)

Como consecuencia do alto grao de conflictividade no contencioso que ten a Universidade nos últimos tempos, roga que presente un informe no próximo Consello de Goberno sobre os recursos xudiciais nos que está implicada a Universidade de Vigo na última década. Precisa o profesor Vallejo a súa solicitude indicando que se informe sobre o número de recursos, materias sobre os que trata o recurso, como se resolve (favorable ou contrario á Universidade), cales son os custos directos e indirectos para a Universidade, incluíndo os derivados dos informes externos solicitados e as indemnizacións ás que houberan lugar. E pide que se realice unha comparación con outras universidades, cando menos nos tres últimos anos. E finalmente, que se incorporen estes datos ao informe anual do reitor que se presenta no Claustro.

A segunda solicitude ten que ver coa convocatoria a cátedras de 2016 que está nos tribunais de xustiza, e como previsiblemente no próximo Consello de Goberno debamos pronunciarnos sobre a convocatoria de cátedras 2017, solicita que informe sobre como está a situación a nivel xudicial a antedita convocatoria de 2016, aprobada en Consello de Goberno o 16 de decembro dese ano; e en segundo lugar, que expoña os argumentos empregados pola Universidade de Vigo fronte á parte demandante, xa que ditos argumentos expresados na vista da causa poden condicionar a convocatoria prevista para 2017.

Responde o reitor que serán estudados e atendidos os seus rogos e confirma que sendo o derradeiro Consello de Goberno do ano, desexa felices festas a todos os presentes.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:55 h do día 19 de decembro de 2017, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Salustiano Mato de la Iglesia

Gloria M. Pena Uris